



Memoria final do departamento de Relixións

IES A Xunqueira II (Pontevedra)

Asdo. A xefatura de departamento

D^a Elisa María Casado Baltar

Curso: 2022-2023



aniversario
1986 - 2021



Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	4
3. Propostas para a revisión de.....	6
1. A programación didáctica para o curso seguinte	6
2. A concreción curricular	7
4. Funcionamento do departamento	8
5. Composición do mesmo	8
6. Temas máis importantes tratados nas reunións	9
1. Setembro	9
2. Outubro.....	9
3. Novembro	9
4. Decembro	9
5. Xaneiro.....	9
6. Febreiro.....	10
7. Marzo	10
8. Abril.....	10
9. Maio	10
10. Xuño	10
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares	11
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave	16
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	18

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

Por mor das indicacións recibidas dende instancias superiores para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2022/2023 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, engadíronse unhas addendas ás programacións didácticas que foron adxuntadas ás programacións respectivas.

Na asignatura de Relixión Católica, por cuestións organizativas do centro, normalmente están mesturados dous grupos do mesmo nivel. Por unha banda isto require un esforzo extra á hora da preparación das clases, e por outra é necesaria unha readaptación das sesións para que o traballo sexa aproveitado polo alumnado o máis posible.

Todos estes cambios que nos vemos obrigados a facer están focalizados para:

- Axudar ao alumnado para responder responsablemente dos seus deberes.
- Coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas.
- Practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos.
- Exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural.
- Prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

O alumnado que cursa a materia de Relixión Católica escolle esta materia de maneira libre e, por iso, está disposto a estudala e traballar arreo nela. Porén, este ano, por mor dos cambios reflectidos na nova Lei, que fixeron que a cualificación da materia non computase para a media nos cursos impares, a maior parte do alumnado de 1º de BAC non prestou a atención debida, presentando moitos deles unhas tarefas moi mellorables. Tamén este ano houbo un curso con alumnos moi problemáticos, sen ningún interese e ganas de traballar (2º ESO A) e por mor deles tivemos que parar as explicacións máis dunha vez e o ritmo do curso viuse afectado.

Tendo en conta as cualificacións obtidas no curso anterior, en xeral houbo peores notas en 1º de BAC pola razón descrita no parágrafo precedente.

Neste curso 2022-23, o total do alumnado de Relixión Católica acadou o aprobado, e un 83% do alumnado de Relixión Evanxélica. A listaxe de aprobados nesta última materia por cursos quedaría así:

Relixión Evanxélica:

Curso e grupo	Total alumnado que cursa a materia	Nota: 1	Nota:2	Nota:5	Nota: 6	Nota: 7	Nota: 8	Nota: 9	Nota: 10
1º ESO C	2	-	-	-	1	1	-	-	-
1º ESO D	2	-	1	-	-	-	-	1	-
2º ESO A	1	-			-	-	1	-	-
2º ESO B	2	-			-	1	-	1	-
4º ESO A	5	1	-	-	-	-	2	2	-

Os dous casos de suspenso do alumnado de Relixión Evanxélica, a alumna Joana Fernández Jiménez e Diana Carolina Rey Martínez, producíronse polo pouco interese, moita preguiza, e a pouca asistencia ás aulas.

Con respecto ao alumnado de **Relixión Católica**, como xa dixemos anteriormente, o alumnado acadou un 100% de aprobados, quedando as cualificacións finais do xeito seguinte:

Curso/grupo	Total de alumnado que cursa a materia	Nota: 5	Nota: 6	Nota: 7	Nota: 8	Nota: 9	Nota: 10
1º ESO A	14	2	3	3	2	3	1
1º ESO B	16	1	4	3	-	4	4
1º ESO C	6	-	2	-	-	2	2
1º ESO D	6	1	-	1	1	-	3
2º ESO A	16	5	2	2	2	2	3
2º ESO B	10	2	1	4	-	1	2
2º ESO C	11	-	2	-	5	3	1

2º ESO D	7	-	2	1	1	1	2
3º ESO A	13	-	2	2	5	1	3
3º ESO B	16	-	-	4	3	6	3
3º ESO C	11	1	4	4	1	1	-
3º ESO D	8	-	4	2	1	-	1
4º ESO A	11	-	-	1	4	3	3
4º ESO B	28	2	1	10	6	6	3
4º ESO C	18	-	-	-	2	13	3
4º ESO D	11	-	-	1	1	8	1
1º BAC A	10	1	5	3	-	-	1
1º BAC B	10	-	3	4	2	1	-

1º BAC C	13	5	3	5	-	-	-
1º BAC D	18	1	8	6	2	-	1

Ao longo do curso houbo alumnado dado de baixa e tamén novas incorporacións:

→Baixas:

4º ESO B: Rodrigo García Berredo e Estefanía del Río González.

4º ESO D: Mercedes Barragáns Padín.

1º BAC D: Carlota Carballo González.

→Novas incorporacións:

2º ESO B: Isaac Álvarez.

2º ESO D: Lucas Maximiliano Dasilva.

3º ESO D: Karen Sofía Chacón Plazas.

3. Propostas para a revisión de:

1. A programación didáctica para o curso seguinte

Para o próximo curso (2023-24) haberá que refacer a programación de acordo coa LOMLOE para os cursos pares (2º e 4º da ESO).

2. A concreción curricular

Indicadores da concreción curricular:
1. Cumprimento da programación didáctica: <i>Axustada á diversidade do alumnado e ás instrucións recibidas desde Consellería.</i>
2. Informe ao alumnado dos criterios de avaliación e cualificación: <i>Todo o alumnado foi informado debidamente e publicada addenda na web do IES.</i>
3. Informe ao alumnado dos coñecementos mínimos: <i>Si, por varias vías: nas clases, nos taboleiros e na web do centro.</i>
4. Selección dos estándares en función de cada grupo: <i>Así se fixo dada a mestura de alumnado de varios grupos.</i>
5. Programación das actividades segundo os contidos: <i>Si.</i>
6. Programación das actividades para os distintos grupos: <i>Si, aínda que algunhas delas non se puideron facer por mor da escasa demanda.</i>
7. Adopción de estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade dos alumnos: <i>Na medida en que a mestura de grupos o permite.</i>
8. As relacións dentro da aula son correctas: <i>Si, con algúns casos de indisciplina que tamén se mostra noutras materias (como no caso de algúns alumnos de 2º ESO A)</i>
9. Fomentar á colaboración entre o alumnado: <i>Sempre, sobre todo co alumnado con dificultades especiais (incorporación tardía, descoñecemento do país, aprendizaxe...). Ao longo do curso cuidamos este aspecto de maneira especial.</i>
10. Facilitar estratexias de aprendizaxe: <i>Si. Pescuda de métodos innovadores.</i>
11. Propoñer un plan de traballo antes de cada unidade: <i>Si. Explicado claramente mesmo por métodos tradicionais.</i>
12. Utilizar medios audiovisuais e informáticos: <i>Un 60%.</i>
13. Aplicar os criterios de cualificación establecidos na programación: <i>Si.</i>
14. Seguir o plan programado para o fomento da lectura: <i>Si, seguindo as normas do centro.</i>
15. Corrixir e explicar os traballos e outras actividades: <i>Sempre.</i>
16. Informe do rendemento escolar dos alumnos: <i>Sempre.</i>
17. Informe do comportamento dos alumnos: <i>Sempre.</i>
18. Despois de valorar a aprendizaxe dos alumnos, formular no departamento propostas de mellora: <i>As que se sinalan no apartado de temas tratados nas reunións de departamento.</i>

4. Funcionamento do departamento

Xa que o profesor don Enrique Solla Garrido impartía aulas en tres centros e a profesora dona Elisa María Casado Baltar fíxoo en dous, as reunións de departamento tiveron lugar os xoves de 10:30 h a 11:20 h, que era a sesión na que eramos quen de coincidir.

As actas das reunións coas convocatorias correspondentes atópanse en formato papel no Departamento de Relixión nun A-Z destinado a tal efecto.

5. Composición do mesmo

Neste curso o Departamento estivo composto polo profesor de Relixión Evanxélica, don Enrique Solla Garrido, que impartiu aulas neste centro os xoves; e a profesora de Relixión Católica e Xefa de Departamento, dona Elisa María Casado Baltar, que impartiu aulas no centro de luns a xoves.

Ámbolos dous profesores comparten a súa docencia con institutos da contorna. No caso de don Enrique Solla, co IES Illa de Tambo (Marín) e o IES de Poio (Poio); e no caso de dona Elisa María Casado Baltar, coa EPAPU Río Lérez de Pontevedra.

A distribución das aulas quedou do xeito seguinte:

Grupo	Alumnado	Profesorado
1º ESO A+B	14+16 = 30	Elisa M ^a Casado Baltar
1º ESO C+D	6+6 = 12	Elisa M ^a Casado Baltar
1º ESO C+D (R. Evanx.)	2+2 = 4	Enrique Solla Garrido
2º ESO A+B	16+10 = 26	Elisa M ^a Casado Baltar
2º ESO C+D	11+7 = 18	Elisa M ^a Casado Baltar
2º ESO A+B (R. Evanx.)	3	Enrique Solla Garrido
3º ESO A+B	13+16 = 29	Elisa M ^a Casado Baltar
3º ESO C+D	11+8 = 19	Elisa M ^a Casado Baltar
4º ESO A	11	Elisa M ^a Casado Baltar
4º ESO B	28	Elisa M ^a Casado Baltar
4º ESO C+D	18+11 = 29	Elisa M ^a Casado Baltar
4º ESO A (R. Evanx.)	5	Enrique Solla Garrido
1º BAC A+C	10+13 = 23	Elisa M ^a Casado Baltar
1º BAC B+D	10+18 = 28	Elisa M ^a Casado Baltar

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

a. Setembro-Outubro

- As novas programacións. PROENS.
- Ausencia de currículo de Relixión Evanxélica para facer as novas programacións.
- Visitas complementarias do primeiro trimestre con 1º da ESO. Programación de novas actividades complementarias co resto do alumnado.

b. Novembro

- Desenvolvemento das programacións.
- Planning da visita complementaria de 1º da ESO.
- Festival de panxoliñas para celebrar o Nadal.
- Entrega de programacións de Relixión Católica de cursos impares. As programacións de Relixión Evanxélica quedan pendentes de entrega por mor da ausencia de currículo da materia.

c. Decembro

- Resultado da actividade complementaria desenvolvida por 1º da ESO e 1º de BAC.
- Puntos fortes e débiles do festival de panxoliñas cara a futuras celebracións.
- Resultados acadados polo alumnado na primeira avaliación.
- Entrega das programacións logo de revisalas o equipo directivo.
- Entrega das programacións de Relixión Evanxélica nun formato diferente ao PROENS.

d. Xaneiro

- Reelaboración da oferta das materias optativas, engadindo información sobre a materia de Relixión Evanxélica.
- Necesidade de elaborar un calendario de actividades complementarias.

e. Febreiro

- Necesidade de facer unha addenda ás programacións de Relixión.
- Actividade complementaria de 1º de BAC ao Mosteiro de Tenorio (Cotobade), andaina e xantar de convivencia do mesmo curso.
- Exposición no hall do instituto do alumnado de 1º de BAC sobre Doutrina Social da Igrexa.
- Desenvolvemento das programacións.
- Información da CCP ordinaria do 31 de xaneiro (aprobación por competencias, oferta educativa próximo curso, etc.).

f. Marzo

- Análise e valoración dos resultados académicos da 2ª avaliación.
- Información da CCP tida o 28 de febreiro (xornada portas abertas, solicitudes para o novo curso, etc.).
- Desenvolvemento da actividade complementaria de 1º BAC ao Mosteiro de Tenorio.

g. Abril

- Información sobre o claustro do 25 de abril.
- Aprobación das actividades complementarias de 2º, 3º e 4º da ESO.

h. Maio

- Temas tratados na CCP do 9 de maio (proceso admisión curso 2023-24, xornada de acollida ao novo alumnado, oferta educativa definitiva).
- Desenvolvemento da 3ª avaliación.
- Desenvolvemento actividade complementaria de 4º da ESO. Cancelación actividades complementarias de 2º e 3º da ESO. Posibles novas actividades complementarias na Cidade de Pontevedra.
- Información do Claustro extraordinario do día 30 de maio.

i. Xuño

- Análise e valoración dos resultados académicos.
- Actividades complementarias non desenvolvidas por mor de causas alleas.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

Maila que todo o alumnado nun principio estaba desexando ter actividades complementarias (non se saía do instituto antes do estado de alarma) non se puideron facer todas as actividades programadas durante o curso (a maioría delas polo pequeno número de persoas apuntadas).

Todas as actividades complementarias foron feitas grazas á inestimable colaboración das profesoras de Latín e Grego, dona Natividad Ferreiro Vilasó e a de Lingua galega, dona Lucía Novás Pérez.

Sexa como for, a listaxe de actividades complementarias feitas dende o Departamento de Relixións foi a seguinte:

→Primeiro trimestre:

- Saída de 1º da ESO e 1º de BAC ao Convento de Herbón, Belén de Valga e a Casa-museo de Rosalía de Castro.



Exterior do Belén



O noso alumnado no Belén



Alumnado co gardián do Convento de Herbón



Fonte de San Francisco no Convento de Herbón




Na fachada da Casa-museo de Rosalía de Castro

- Festival de panxoliñas no salón de actos do instituto.

→Terceiro trimestre:

- Exposición no hall do Instituto dos traballos dos alumnos de 1º de BAC sobre *Doutrina social da Igrexa*.



- Visita ao Mosteiro de San Pedro de Tenorio en Cotobade, andaina e xantar de convivencia.



No Mosteiro de San Pedro de Tenorio

- Actividade de 4º da ESO a Santiago de Compostela, visitando o Museo das peregrinacións, o patrimonio cultural da USC, e a Catedral (Pórtico da gloria, tellados, museo Catedral -colección permanente-)



Na Praza do Obradoiro



O alumnado recibido polo Deán da Catedral, D. José Fdez. Lago



4º da ESO diante da Porta Santa



Biblioteca América (visita ao Patrimonio da USC)

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

En relación á integración das TIC na práctica docente:

O emprego das TIC é valorado non só polo alumnado en xeral senón sobre todo polo alumnado que ten dificultades especiais, xa que permite acadar uns mellores resultados, e unha explicación máis sinxela. A utilización destes recursos este curso concretizouse, entre outros:

- No uso da Aula Virtual do centro e EDIXGAL.
- No emprego de documentais, escenas de películas en YOUTUBE.
- Nas presentacións en Power Point.
- Cos KAHOOT, que fomentaron a competitividade, e o traballo en equipo.

→En relación ao fomento da lectura:

Na clase de Relixión é moi frecuente a lectura de textos, con exercicios e prácticas de comprensión lectora, resumos, exposicións de ideas e opinións persoais.

→En relación ao desenvolvemento das competencias clave:

O departamento de relixións fomenta a adquisición das competencias clave no alumnado partindo dos perfís das competencias establecidos na programación.

As relixións desenvolven a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) ao valerse dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

O ensino relixioso desenvolve a competencia matemática ao axudar a que o alumnado relacione datos relixiosos cos históricos, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

A formación relixiosa axuda a desenvolver a competencia dixital pois integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

As relixións contribúen á competencia de aprender a aprender fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe.

O ensino relixioso favorece o desenvolvemento de competencias sociais e cívicas por a súa insistencia de virtudes cívicas para o ben común da sociedade.

A formación relixiosa aporta á competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

As relixións desenvolven a conciencia e expresións culturais motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

Neste curso non se usaron ningúns libros de texto en soporte de papel.

CURSO	TEXTO	
1º ESO	Proxecto E-Dixgal (libro dixital)	Obrigatorio
2º ESO	Proxecto E-Dixgal (libro dixital)	Obrigatorio
3º ESO	Proxecto E-Dixgal (libro dixital)	Obrigatorio
4º ESO	Proxecto E-Dixgal (libro dixital)	Obrigatorio
1º BTO	Aula virtual do centro con recursos do departamento.	Obrigatorio

En todos os niveis, o punto forte foron os recursos facilitados polo profesorado.